

ACTA DE ENTREGA A PROL DO CONCELLO DE LALÍN DO TREITO INICIAL DA ESTRADA PO-533, SITUADO ENTRE O P.Q. 0+000 E O P.Q. 0+240, XUNTO CO SEU DOMINIO PÚBLICO VIARIO

COMPARECE

Dunha parte, Yago Borrajo Sánchez, secretario xeral técnico da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, da Xunta de Galicia, por delegación da conselleira en virtude da Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e en outros órganos e entidade públicos adscritos a esta consellería (DOG 20/09/2017) en representación desta consellería.

Doutra parte, José Crespo Iglesias, na súa condición de alcalde do Concello de Lalín, en representación desta entidade.

EXPOÑEN

O Concello de Lalín solicitou á Axencia Galega de Infraestruturas a titularidade do treito inicial da PO-533 entre o seu p.q 0+000 (intersección coa rúa B) e ata pasar a glorieta de Rodeiro (p.q. 0+240). Este treito antigo carece de funcionalidade dentro da Rede autonómica de estradas de Galicia (RAEG) polo que cumpre co estipulado no punto 11 do artigo 18 do Regulamento xeral de estradas de Galicia, relativo aos cambios de titularidade de treitos de estradas a favor de administracións de menor ámbito territorial.

Mediante o Decreto 63/2026, do 8 de xuño, (DOG núm.114 do 19 de xuño de 2026), a Xunta de Galicia aprobou o cambio de titularidade a favor do Concello de Lalín do treito inicial da estrada PO-533 entre o p.q. 0+000 e o p.q. 0+240 xunto co seu dominio público viario.

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 63/2026, a entrega dos bens formalizarase no



prazo dos tres meses seguintes a esta publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

En cumprimento do disposto no decreto de aprobación de cambio de titularidade e de conformidade co artigo 18.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia,

ACORDAN

Formalizar o cambio de titularidade a favor do Concello de Lalín do treito inicial da estrada PO-533 entre o p.q. 0+000 e o p.q. 0+240, xunto co seu dominio público viario:

Transferencia	Inicio treito	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29N)	Final treito	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29N)	Lonx. (m)	Superficie DPV (m ²)
Treito inicial da PO-533	PQ 0+000 da PO-533	X = 573.086 y = 4.723.621	PQ 0+240 da PO-533	x = 573.330 y = 4.723.648	257	3.129

E para que así conste, as partes asinan electronicamente este documento.

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas P.D (Orde de 7 de setembro de 2017 (DOG 20/09/2017) , o Secretario Xeral, Yago Borrajo Sánchez

O alcalde do Concello de Lalín, José Crespo Iglesias

ANEXO I . PLANOS











